

Á DIRECCIÓN XERAL DA DIVISIÓN DE RECURSOS HUMANOS E DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL DO SERGAS

D. JAIME GONZÁLVIZ REY, con DNI 35.455.216-A, actuando na súa condición de Presidente da **ASOCIACION GALEGA DE MEDICINA FAMILIAR E COMUNITARIA (AGAMFEC)**, conforme acredita coa certificación adxunta, con domicilio a efectos de notificacións no Despacho de Avogados sito en Vigo, r/ López Mora, 10-1º Esquerda (36.211-Vigo) diante dese organismo comparece e, como mellor proceda, EXPON:

Que a medio do presente escrito, dentro do prazo legalmente establecido e actuando na representación da Asociación AGAMPEC que preside, ven a formular **RECURSO DE REPOSICIÓN** contra da *Resolución do 26 de setembro de 2008, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se fai público o acordo do tribunal que xulga o proceso selectivo para o ingreso na categoría de médico de familia de persoal estatutario do Servicio Galego de Saúde, relativo á baremación definitiva da fase de concurso e á presentación da documentación dos definitivamente seleccionados*, recurso que interpón con fundamento nos seguintes

MOTIVOS

PRIMEIRO.- Por Resolución da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 18 de decembro de 2006 convocouse concurso-oposición para o ingreso na categoría de médico de familia de atención primaria do Servizo Galego de Saúde. Dita Resolución foi no seu momento recurrida pola Asociación AGAMFEC, encontrándose pendente de resolución por parte da Sala do Contencioso-administrativo do TSX de Galicia, no procedemento ordinario 88/2007, seguido en virtude de dita impugnación.

En data 6/10/2008 publícase no DOG a Resolución agora impugnada, na que dase publicidade á lista de baremación definitiva, e, non estando conformes con os criterios seguidos na aplicación do Baremo a dita valoración, é polo que se interpón o presente recurso.

SEGUNDO.- Como xa se fixo constar con ocasión da impugnación da convocatoria inicial, a Asociación AGAMFEC encóntrase plenamente lexitimada para a interposición do presente recurso, no exercicio do interese colectivo dos seus Asociados, encontrándose legalmente habilitada para a defensa dos dereitos e intereses científicos e profesionais dos seus membros e correspondendolle, de acordo con o disposto no art. 2º.1 dos seus Estatutos

“Representar en un marco de legalidad los intereses de sus miembros asociados”.

TERCEIRO.- A Resolución impugnada fai pública a lista de baremación definitiva obtida polos participantes no proceso selectivo. Na determinación desta puntuación non se valora para os médicos que teñen obtido o título de MIR o tempo de prestación de servicios durante á obtención da especialidade, o que contraviría claramente ao noso entender o establecido no Anexo V da Resolución de 18 de decembro do 2006, segundo o cal a Experiencia profesional valorarase conforme os seguintes criterios:

- *Por cada mes completo de servizos prestados na categoría en institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde, fundacións e empresas públicas sanitarias da Comunidade autónoma de Galicia ou sistema sanitario público dun país da Unión Europea: 0,10 puntos/mes.*
- *Por cada mes completo de servizos prestados na categoría noutras Administracións públicas de España ou dun país da Unión Europea ou en programas de cooperación internacional debidamente autorizados ao servizo de organizacións de cooperación internacional:0,04 puntos/mes.*
- *Por cada mes completo de servizos prestados na categoría en institucións sanitarias privadas de España ou dun país da Unión Europea: 0,02 puntos/mes.*
- *Por cada mes completo de servizos prestados noutra categoría ou especialidade sanitaria en institucións sanitarias do Sergas ou de fundacións e empresas públicas sanitarias da Comunidade autónoma de Galicia: 0,02 puntos/mes.*

A pesar do texto da convocatoria (na que non existe apartado algún excluínte da posibilidade de computar o tempo de prestación de servicios como MIR), ós médicos que obtiveron a especialidade de MIR, non se lles computa o tempo de prestación de servicios durante a obtención da especialidade, nin como servizos prestados na especialidade, nin como prestados noutra categoría, valorándose únicamente os servizos prestados para a obtención do MIR como período de formación (apartado 1.2 do mesmo Anexo V).

Non existe en todo o texto da Convocatoria e determinacións do Baremo que regulamenta o seu Anexo V disposición algunha que impida a valoración do citado título como Formación e, á vez, a valoración do tempo de prestación de servicios como experiencia profesional (no apartado 2º do Baremo) en institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde. E reiterada a este respecto a doutrina xurisprudencial á hora de considerar a compatibilidade deste dobre cómputo (como experiencia profesional e formación), en canto o período de prestación de servizos para a obtención do título da especialidade participa desta dobre natureza, tendo resolto os Tribunais, en relación con esta mesma especialidade, que:

“no existe duplicidad alguna por el hecho de valorarse la formación especializada y la experiencia profesional puesto que, recordando la normativa del real Decreto 127/1984, de 11 de enero, por el que se regula la formación médica especializada y la obtención del título de médico especialista, y la definición de la figura de los MIR en el artículo 4-1-a, así como la posibilidad de la prestación por aquellos de servicios remunerados en centros hospitalarios, tal como se recoge en apartado b) de dicho artículo 4-1, se trata de aspirantes que superaron la convocatoria nacional para optar a las placas del programa

MIR en la especialidad de medicina familiar y comunitaria, y prestan servicios retribuídos, en virtud de un contrato de trabajo, y bajo la dependencia del responsable de la unidad asistencial en la que el residente se encuentre adscrito en cada momento. La experiencia profesional como personal médico que se adquiere en tales circunstancias no es desdeñable, en cuanto conlleva una dedicación, intensidad y amplitud notables, de modo que ha de ser valorable cuando es encuadrable en alguno de los apartados del baremo, como ahora sucede. Por otra parte, puede suceder que algún aspirante superase el MIR y cumpliera el período completo de formación como residente y sin embargo no prestase servicios en instituciones del Sergas o en otras de la Seguridad Social, en cuyo caso solo sería computable la formación especializada, no la experiencia profesional, lo cual demuestra que no existe duplicidad alguna y se valoran en cada apartado conceptos distintos” (STSX de Galicia de 17 de julio de 2002), entre otras no mesmo sentido.

Ademais, como tamén considera a STSX de Galicia de 10 de abril de 2002 *“si no se valorase dicha prestación de servicios retribuída con ello se primaría a quién, no habiendo realizado la especialización, estuviera trabajando como médico general, en tanto que no se valoraría el especialista lo cual no resulta justo ni equitativo en cuanto se perjudica a quien con su esfuerzo adquiere un maior nivel de conocimientos”.*

En atención por tanto ao propio texto da Convocatoria, que non establece limitación algunha á valoración do tempo de servicios prestados como MIR no epígrafe de Experiencia Profesional, en aplicación estricta das propias Bases, das circunstancias incluídas no Baremo de méritos a que se fixo anterior mención, e conforme á consideración deste período de prestación de servizos para a obtención da especialidade por parte da doutrina xurisprudencial citada, os servizos prestados durante o período de vinculación ao Sistema de Saúde como médico residente deben necesariamente ser valorados conforme ao previsto no epígrafe 2 do Baremo, no seu primeiro parágrafo *“Por cada mes completo de servizos prestados na categoría en institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde, fundacións e empresas públicas sanitarias da Comunidade autónoma de Galicia ou sistema sanitario público dun país da Unión Europea: 0,10 puntos/mes.”*

Ou, en calquera caso, cando menos no seu último parágrafo *“Por cada mes completo de servizos prestados noutra categoría ou especialidade sanitaria en institucións sanitarias do Sergas ou de fundacións e empresas públicas sanitarias da Comunidade autónoma de Galicia: 0,02 puntos/mes”,* ó terse prestado en todo caso servizos como Médico Residente.

CUARTO.- Por outra parte, no listado que fai pública a Resolución impugnada, non se valoran tampouco como formación, con base no disposto no epígrafe 1 do Baremo, os cursos de formación e perfeccionamento acreditados polos opositores que ostentan o título de MIR e que foron obtidos ó tempo en que se realizaba a residencia, aínda que non directamente relacionados coa obtención do título, o que non se xustifica tampouco con base en exclusión algunha expresada na Convocatoria. A non consideración de ningún curso realizado durante o tempo de prestación de servizos para a obtención da especialidade, xunto a obviarse a estricta aplicación do sinalado

no Baremo de Méritos da convocatoria, supón un tratamento desigual en perxuício dos profesionais que cumpriron o período de MIR para a obtención do título, en canto a aqueles opositores que non obtiveron o título de MIR se lles valoran a totalidade de cursos realizados mentres que a estes non se lles valoran os títulos obtidos durante a residencia. Así, e con independencia das infraccións da legalidade nas que incurrira a convocatoria, obxecto da impugnación no seu momento formulada diante do TSX de Galicia e pendente de resolución, a Administración introduce agora unha nova regra ao tempo de aplicar o Baremo, non prevista siquera no seu texto, a de non valorar os cursos obtidos durante o período de residencia, parece que coa finalidade de novamente favorecer aos médicos que non obtiveron a través da realización do MIR a especialidade, incurrindo nun claro incumprimento das propias normas da convocatoria e con vulneración tamén neste caso dos principios constitucionais de capacidade, mérito e igualdade.

Polo exposto, a Dirección Xeral da división de Recursos Humanos e Desenvolvemento profesional do SERGAS,

SOLICITA, teña por presentado este escrito e documento adxunto e por interposto recurso de reposición fronte a Resolución publicada no DOG en data 6 de outubro de 2.008, o admita e tendo en consideración os motivos dos que se deixa anterior constancia, acorde anular a Resolución recurrida, dictando nova resolución pola que, con estimación do presente recurso, acorde rectificar as puntuacións outorgadas valorando:

- os servizos prestados durante o período de vinculación ao Sistema de Saúde como médico residente conforme ao previsto no primeiro parágrafo do epígrafe 2 do Baremo de Méritos contido no Anexo V da Convocatoria, ou, alternativamente no último parágrafo do dito epígrafe 2,
- os cursos de formación e perfeccionamento acreditados polos opositores que ostentan o título de MIR e que foron obtidos ó tempo en que se realizaba a residencia, conforme ó previsto no epígrafe 1 Baremo de Méritos contido no Anexo V da Convocatoria.

En Vigo para Santiago, a 6 de novembro de 2008.

Asdo.: JAIME GONZALVEZ REY
AGAMFEC